

CONGRESO PROVINCIAL DO PP de PONTEVEDRA  
18 de setembro de 2021

Circular Provincial Pontevedra nº 2

INSCRICIÓN DE CANDIDATOS A COMPROMISARIOS E VOTACIÓN NAS ASEMBLEAS

1. Habida conta de que o Regulamento do XVIII Congreso do PP de Pontevedra, co obxectivo de facilitar a participación daquelas persoas afiliadas que desexan optar á presidencia do PP de Pontevedra, fixou no seu **número mínimo (75) as sinaturas** requiridas para a presentación de precandidaturas, e de que **só se presentou un precandidato** que recabou **2.808 avais**. Por todo isto, e ao amparo do artigo 16.12 do Regulamento Marco de Congresos que dispón “En todo caso, **si únicamente se hubiese presentado un precandidato, la consulta a los afiliados inscritos** para que presenten su apoyo al ferido precandidato **no será necesaria**”, a Comisión Organizadora do Congreso acordou na súa reunión do 4 de agosto que nas asembleas que terán lugar o 13 de setembro **só se establecerá unha urna para a elección de compromisarios, cando o número de candidatos supere aos compromisarios a elixir**.
2. Os afiliados previamente inscritos como electores que queiran exercer o dereito a presentar a súa candidatura a compromisarios poden facelo cubrindo o **formulario de inscrición de candidato a compromisario** que se publicará o venres 27 de agosto na páxina web do PP Provincia de Pontevedra ([www.pppontevedra.es](http://www.pppontevedra.es)).

Unha vez cuberto deberá ser entregado na sede local ou remitido ao correo electrónico da sede provincial antes das **14 horas do martes 7 de setembro**.

As persoas que forman parte da Xunta Directiva Provincial xa son compromisarios natos.

3. **O día 13 de setembro de 2021, de 17 horas a 21 horas**, terán lugar as **assembleas** de elección de compromisarios. O Comité Organizador do Congreso deu o seu visto e prace á repartición de compromisarios realizada pola Xunta Directiva Provincial e que tamén está publicada na páxina web do PP Provincial
4. Cando menos 24 horas antes da celebración da asemblea, cada Comité Local terá a disposición dos afiliados inscritos unha **papeleta** na que estarán ordenados alfabeticamente os nomes dos **candidatos a compromisarios** dese municipio, sorteando a primeira letra.

En cada asemblea constituirase unha **mesa** composta por un **presidente, secretario e vogal** designados polo Comité Local e estableceranse unha **urna** para a elección dos candidatos a compromisarios do municipio.

Resultarán electos aqueles compromisarios con maior número de votos dentro do número asignado a dito municipio. **No suposto de que o número de candidatos a elixir coincida co de compromisarios asignados, quedarán automaticamente designados, sen necesidade de celebrar a correspondente Asemblea.**

Cada Mesa levantará **acta dos resultados do escrutinio** que deben remitir, á maior brevidade posible, á sede provincial recollendo:

- Os votos obtidos por cada candidato a compromisario
- A relación de compromisarios titulares e suplentes
- No seu caso, os incidentes que tiveran lugar, as reclamacións efectuadas e as resolucións adoptadas.